



Carballeira do Xesta

Adela Leiro, Mon Daporta
outubro 2022



Distancia: 7 km (a pé)
Dificultade: baixa



A serra do Suído acolle moitos lugares de interese para percorrer os cumes ou para visitas puntuais e curtos percorridos (bosques, chozos, fervenzas, foxos do lobo)...

Nunha das saídas de outono, coa idea de camiñar polos cumes da serra, atopámonos con que as nubes que enchían toda a cara leste da serra, e toda a bacía do Miño, comezaron a subir e rebordaron os cumes, cara ao oeste, cubrindo todo dunha néboa mesta. Mais, para non dar a viaxe por perdida, visitamos a carballeira do Xesta, unha das máis amplas e mellor conservadas do Suído, que se asenta ao longo do val do río na contorna da localidade e pola beira do propio río.



Serra do Suído.
A Xesteira.

PERCORRIDO:

Saíndo da localidade de **Xesta** (A Lama) cara a **Pigarzos** e aos cumes, cruzamos o río e deixamos o coche ao pé da ponte; e desde alí acompañamos a corrente, unha das cabeceiras do **Oitavén**, moi minguada e calma pola seca, aínda que como sempre clara e transparente, para ver como o outono deixaba notar a súa presenza -espindo os freixos, descubrindo o amarelo nas follas dos bidueiros e os salgueiros e salferindo a herba coa cor malva das flores dos tollemerendas-; e por detrás das árbores de ribeira, a carballeira, aínda escura e mesta, co seu mato de acivros e a súa beira de pereiras bravas, piornos, arandeiras, silvas, fentos e brións -reverdecidos pola humidade, que condensa polas noites, e as poucas augas caídas os días pasados (que tamén fixeron xurdir unha grande cantidade de cogomelos)-, enchemos un par de horas camiñando ata a Ponte de Abaixo, unha vella **pontella** de poldras, e un pouco máis alá, polo trazado dunha ruta sinalizada pola Deputación, e volvendo ao punto de partida, onde aínda botamos un anaco vendo os restos duns vellos muíños.

Cara á tarde a situación mellorou un algo e volvemos aos cumes, polos que podemos camiñar un pouco e achegarnos a algúns lugares de interese, pero as horas de luz xa non daban para facer o percorrido previsto, polo que todo volveu quedar para mellor ocasión e en mans do tempo, do que nós poidamos dispoñer e das condicións ambientais, mais... “malo será!”.



Bidueiros á beira do río Xesta



Fontes do Xesta



Carballeira do Xesta



A Ponte de Abaixo



Sasafrán bravo (*Crocus serotinus*), unha flor típica do Outono.

Cantharellus e brións



Cumes do Suído desde o Coto Miñoto ao Puza